



## **IES SALVADOR DE MADARIAGA**

# **Plan de continxencia**

**Versión 24/09/2021**

## ○ ÍNDICE

- 1- Fundamentación normativa.
- 2- Actuacións previas diante da aparición dun gromo.
- 3- Actuacións para período de actividade lectiva non presencial.
- 4- Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.

## 1- FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA

*AS INSTRUCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓNS COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSELLO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G Nº 174 BIS DO 28-08-2020), NA ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 6 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022, e na Resolución do 10 de setembro de 2021, determinan que o centro educativo elaborará un “Plan de Continxencia” de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo III no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.*

## 2- ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DO GROMO

Este Plan de Continxencia recolle as posibles actuacións que se levarán a cabo no IES Salvador de Madariaga, ante un brote por SARS-CoV-2, tanto no ámbito da toma de medidas sanitarias, como as referidas á activación da ensinanza a distancia e os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou tutores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
  - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
  - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con

sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/ A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de 62 de 132 aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

## 3- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O equipo COVID en colaboración cos titores de cada grupo realizará unha enquisa ás familias acerca dos dispositivos dos que dispoñen os alumnos na casa, do tipo e calidade da conexión da que dispoñen, de se teñen que compartir os dispositivos con outras persoas do fogar...

Pasarase a información recollida ao Equipo COVID do centro que identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Cando se produza unha suspensión total ou parcial da actividade lectiva presencial por causa dun gromo, no centro activarase o **ensino a distancia que se desenvolverá cos seguintes criterios e condicións:**

- As programacións didácticas incluirán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia, incluíndo, ademais os criterios e instrumentos de avaliación utilizados en escenario non presencial.
- A aula virtual creada na plataforma Moodle será preferentemente a principal ferramenta educativa de ensino a distancia para a actividade lectiva non presencial no noso instituto.
- Tamén poderemos utilizar a aula virtual de Google Classroom pero só con aqueles alumnos cuxas familias teñan asinado a Política de uso de Gsuite.
- Utilizaranse como ferramentas de traballo e comunicación co alumnado as videoconferencias a través de diferentes aplicacións: Cisco Webex, Falemos EDU, Google Meet... para fornecer contidos educativos, resolver dúbidas, facer aclaracións...
- Dentro da autonomía pedagóxica dos docentes, estes poderán utilizar tamén outros recursos, ferramentas e metodoloxías que complementen ás anteriores e que redunden na calidade da ensinanza a distancia.
- Os alumnos terán clases de forma telemática respectándose o horario normal. Os docentes conectarán cos alumnos na súa hora impartindo a clase que corresponda en horario.
- Poderase reducir ata un 40% do tempo de cada sesión lectiva, que poderá ser para realización de tarefas asignadas polo profesorado de xeito autónomo por parte do alumnado. A distribución concreta será: Sesións de 50 minutos - mínimo 30' videoconferencia – 20' tarefas.
- O profesorado xestionará as faltas de asistencia polos medios habituais.
- O alumnado asistirá ás sesións coa debida corrección para a actividade que se desenvolve.

- Alumnado con NEE recibirá atención específica do D.O., establecéndose unha canle de comunicación permanente e adaptada ás necesidades académicas e emocionais deste alumnado. A orientadora velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal do departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do PAT e outras funcións empregando as ferramentas dixitais, ben a demanda dos titores ou dos pais, nais e titores legais do alumnado.
- Manteranse os programas de reforzo no horario establecido.
- Cando o alumnado estea illado por prescripción médica ou da autoridade competente, o equipo COVID o notificará ao titor ou á titora, quen coordinará ao profesorado do alumno ou alumna para poñer en marcha o ensino a distancia.
- As comunicacións co alumnado e familia a través de Abalar móbil, aula virtual ou correo electrónico deberán facerse no horario lectivo para facilitar a desconexión dixital fóra do horario laboral.
- Se as autoridades o permitisen, o centro podería ser utilizado polo personal docente para determinadas tarefas nun entorno non presencial: clases telemáticas, preparación de materiais, corrección de tarefas, etc.
- Os titores informarán aos pais, nais e representantes legais das normas establecidas para a modalidade non presencial, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.
- Na ESO os titores serán os encargados de coordinar a carga de traballo do seu alumnado baixo a supervisión da Xefatura de Estudos. A tal efecto, manterán unha titoría telemática semanal co grupo. No bacharelato o alumnado enviará as súas propostas a través do delegado de grupo, que as porá en coñecemento do titor.
- O profesorado informará ao titor ou á titora do rendemento académico do alumnado confinado, cunha periodicidade quincenal.
- As probas ou exames poderán adiarse para realizarse presencialmente á volta do alumnado á actividade presencial, se os prazos para as avaliacións así o permiten, e sempre que non se produza unha sobrecarga diaria de exames. De non ser así, cada profesor/a establecerá as condicións para realizar as probas a distancia, segundo estea contemplado na programación didáctica do departamento.
- A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requerirá ao final de cada semana unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

### **A xestión das aulas virtuais:**

- Estarán coordinadas polo profesor Andrés Piñón (Coordinador ABALAR).
- Corresponde a este profesor, asistido de ser o caso polos asesores Abalar da Consellería, colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual da plataforma Moodle. Tamén colaborará coa posta en funcionamento da aula

virtual Google Classroom. Durante a primeira quincena de outubro, crearanse os usuarios para o alumnado e profesorado.

- Realizaranse as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos/as a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible.
- Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.
- A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando no mes de outubro.
- Crearase tamén un usuario na aula virtual para o inspector do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais.

## **Formación:**

O profesorado realizará actividades de formación ofertadas polo Centro de Formación e Recursos da Consellería que permitan iniciarse e/ou afondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais.

## **Comunicación coas familias:**

A propia Páxina Web do centro xunto co servizo de mensaxería da App AbalarMóbil, o correo electrónico e o teléfono seguirán sendo as canles de contacto e comunicación coas familias, así como de información xeral do centro durante o tempo que dure a situación lectiva non presencial.

As titorías realizaranse tamén de xeito virtual, e terán lugar a través de chamada telefónica e/ou videochamada, para o que se empregarán plataformas como Cisco Webex, Google Meet...

## **4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### **Fase 1 (Adecuación dos espazos).**

**Duración:** determinada pola autoridade sanitaria.

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, serán as autoridades sanitarias as que darán as instrucións de organización, revisión e adaptación das novas medidas e o equipo COVID do centro xunto co Equipo Directivo será o encargado de levalas a cabo no noso centro.

## **Obxectivos:**

- Revisar o Plan de Adaptación á situación COVID do centro por se hai que facer algunha mellora e buscar posibles erros na redacción ou na execución.
- Revisión e reorganización, se fose necesario, dos recreos e dos movementos que se realizan polo centro.
- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección das aulas necesarias previa á reincorporación do alumnado.

## **Fase 2 (Formación de pequenos grupos)**

**Duración e porcentaxe do alumnado na aula:** determinadas polas autoridades sanitaria e educativa.

## **Obxectivos:**

- Reforzar a concienciación do alumnado sobre as medidas de hixiene, distanciamento e prevención, tanto co alumnado presencial como co alumnado que aínda permaneza en casa.
- Informar a todos os alumnos (presenciais e en casa) das novas medidas que as autoridades sanitarias establezan para o noso centro.
- Extremar e vixiar todos os desprazamentos dentro do instituto, para comprobar que as novas medidas son acertadas e que se cumpren.

## **Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)**

**Duración e porcentaxe do alumnado na aula:** determinadas polas autoridades sanitaria e educativa.

## **Obxectivos:**

Nesta etapa seguirase formando aos alumnos en medidas de hixiene e distanciamento físico.

## **Fase 4 (Fase de Reactivación)**

**Duración:** será marcada polas autoridades sanitarias.

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.

## **Obxectivos:**

- Recordar e traballar as normas de hixiene e prevención da COVID 19.



## PLAN DE CONTINXENCIA

- Reforzar a vixilancia nas entradas e saídas, corredores e escaleiras.
- Volver á dinámica das clases presenciais de todo o alumnado pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.